



No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do d3a **CATRO DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros D. Jos3 Antonio Garc3a Jurjo, Dona Marisol Orille D3az, D. Juan Lu3s L3pez D3az, D. Jos3 Manuel Campo L3pez, Dona Maria del Carmen Abad Rodr3guez, D. Jos3 Antonio Real V3zquez e D. Jos3 Aurelio L3pez L3pez (ausente o Sr. concelleiro D. Manuel L3pez Armesto que excusou a mesma), asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da f3 do acto, co obxecto de celebrar sesi3n “**ordinaria**” do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa 3 mesma.

Aberto o acto pola Presidencia procedese a tratar os asuntos que figuran na orde do d3a da convocatoria, que son do teor seguinte:

13.- A APROBACI3N, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE 3 SESI3N ANTERIOR LEVADA A CABO O D3A 02/06/2017.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde preg3ntase aos Sres. concelleiros asistentes se te3en que facer algunha observaci3n ao borrador da acta da sesi3n anterior de data 02/06/2017, que lles foi entregado xunto coa orde do d3a. T3dolos asistentes sinalan que non te3en obxeci3n algunha, quedando aprobado nos termos nos que est3 redatado por unanimidade dos asistentes (oito votos a favor), sendo nove o n3mero legal de membros.

23.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALD3A.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, d3ase conta dos Decretos de Alcald3a ditados dende o derradeiro Pleno, e postos a disposici3n dos Sres. concelleiros xunto coa restante documentaci3n sometida a exame plenario (dende o n3 2017-0053 ata o n3 2017-0097).

O Pleno d3ase por enterado.

33.- DAR CONTA DA ACTUALIZACI3N E DATOS DE EXECUCI3N DO PRESUPOSTO E/OU ESTADOS FINANCIEROS INICIAIS DAS ENTIDADES QUE FORMAN PARTE DO SECTOR DAS AAPP DA CORPORACI3N, CON MOTIVO DA RENDICI3N DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACI3N CORRESPONDENTE AO 23 TRIMESTRE DE 2017.

O Sr. alcalde cede 3 palabra 3 Secretar3a-Intervenci3n para que d3 conta aos Sres. concelleiros que en cumprimento do art. 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de informaci3n previstas na Lei Org3nica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenedibilidade Financeira, na redaci3n dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, en data 19/07/2017 rendiuse pola Secretar3a-Intervenci3n a trav3s da aplicaci3n habilitada ao efecto na p3xina da oficina virtual para a coordinaci3n financeira coas entidades locais, a actualizaci3n e datos de execuci3n do presuposto e/ou estados financeiros iniciais das entidades que forman parte do sector das administraci3ns p3blicas da corporaci3n con motivo da rendici3n das obrigas trimestrais de subministro de informaci3n *correspondente ao 23 trimestre do exercicio de 2017.*



O resguardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

4º.- DAR CONTA DO PMP CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017.

O Sr. alcalde cede a palabra á Secretaría-Intervención que dá conta aos Sres. concelleiros do periodo medio de pago correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2017, o cal foi rendido por Secretaría-Intervención con data 19/07/2017 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. O detalle do informe é:

Ratio operacións pagadas: -15,56
Importe pagos realizados: 99.474,09 €
Ratio operacións pendentes: -16,08
Importe pagos pendentes: 5.264,30 €
PMP: -15,59

PMP Global:
Importe pagos realizados: 99.474,09 €
Importe pagos pendentes: 5.264,30 €
PMP: -15,59

O signo negativo tanto nas operacións pagadas como nas pendentes de pago indica que o concello paga antes do transcurso dos trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra ou que ao final do periodo para a remisión da información aínda non transcurriu, nas operacións pendentes de pago, esos trinta días.

O resguardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

5º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA FIXACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2018.

O Sr. alcalde expón ao Pleno Corporativo que a pesar de non haber tido entrada no rexistro xeral do concello o oficio da Xunta de Galicia relativo á fixación dos días de festivos locais para o ano 2018, suponse que estará próximo a recibirse, polo que co fin de evitar a celebración dun Pleno extraordinario por este asunto, se propón neste Pleno a fixación dos mesmos que o ano anterior, Martes de Entroido e Luns de S. Benito, sempre e cando, claro, que se manteñan os festivos autonómicos que figuran na Proposta da Xunta de Galicia.

Toma a palabra o Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez para manifestar que igual que dixo os anos anteriores, él propón o Luns de S. Xulián como foi sempre, xa que o Martes de Entroido en Samos non hai nada, tería máis lóxica o Luns de S. Xulián.

A Proposta de Alcaldía obrante no expediente é a que se transcribe:



“Proposta de Alcaldía ao Pleno Corporativo

Expediente nº: 387/2017

Procedemento: Fixación das Festas Locais para o ano 2018.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que dacordo coa normativa vixente, e en concreto os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983 do 28 de xullo, corresponde ao Pleno do Concello fixar os dous días de festas locais no concello.

Visto que na presente data aínda non tivo entrada escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, Delegación Territorial de Lugo, de requirimento en relación a este asunto, co obxecto de elaborar o calendario laboral para o ano 2018, e para o cal nos anos anteriores outorgaban un prazo de remisión ata o 30 de setembro, e habida conta que a próxima sesión ordinaria do Pleno é o 06/10/2017, pensouse en levar a esta sesión ordinaria os acordos que procedan en relación a este asunto, para evitar a convocatoria dunha sesión extraordinaria.

Visto que tales festas non deben coincidir en domingo nin en ningún dos días sinalados como festivos autonómicos ou de ámbito estatal, e que a falta de aprobación por Decreto das festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, na proposta da Xunta de Galicia a someter ao Consello Galego de Relacións Laborais, estes son:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Día de Reis
29 de marzo	Xoves Santo
30 de marzo	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción
12 de outubro	Día da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución
8 de decembro	A Inmaculada
25 de decembro	Nadal

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Sinalar como festas locais do Concello de Samos para o ano 2018 os seguintes:

FESTIVIDADE	DATA
Martes de Entroido	13 de febreiro
Luns de San Benito	9 de xullo

SEGUNDO: Dar traslado deste Acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Delegación Territorial de Lugo. “

Sen que se produzan máis intervencións, procedeuse á votación, arroxando o seguinte resultado:



Votos a favor: 7 (6 do Grupo municipal socialista e 1 do Grupo municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 1 (Grupo mixto).

Abstencións: Ningunha.

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que se aproba a Proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

6º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPAREN OS BACHES DA PISTA QUE VAI DENDE A FEIRA A CASTRONCÁN DE ABAIXO.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1058 en data 31 de xullo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pista que vai dende a feira a Castroncán de abaixo atópase nun estado lamentable. Os baches que hai , sobre todo á altura do transformador son de unas dimensións tales que fan que os vehículos que por ela transitan sufran desperfectos como xa ten pasado.

Reiteradas veces se ten pedido o arranxo de esa pista por parte de algún veciño sen ningún éxito o que levóu a ter que emplear zahorra nun entronque desa mesma con un camino público , pagandoa do seu propio peto , para poder circular sen peligro.

O Concello ten que velar por acondicionar os accesos a todo-los pobos , mantendoos en bo estado , bacheando donde sexa necesario.

Por eso , propono ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se reparen os baches de dita pista para que os vecinos e os servizos que o precisen podan circular perfectamente por ela. “

Rematada a lectura da Moción se producen as intervencións seguintes:

- SR. ALCALDE.- Respecto a esta carretera, direille que se solicitou subvención para o seu arranxo á Xunta de Galicia e chegou denegada hai uns quince días, como ve a Xunta pasa do rural, e visto isto, chamamos á Deputación Provincial que xa a mediu para proceder ao seu amaño.



- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Como sempre dicimos, ten que haber un mantemento das pistas. Hai atrás un camión da leite tivo unha incidencia; que lle teñan que votar os veciños zahorra...

- SR. LÓPEZ, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- Solicitar unha subvención a un Organismo non debe ser determinante para proceder ao arranxo. Debería haber prioridades nas actuacións a executar administrando os fondos do Concello, independentemente das subvencións que concedan.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Logo se non conceden subvencións quedan as pistas sen arranxar?

O Sr. alcalde da por rematadas as intervencións, e inicia a votación que arroxou o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha.

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

7º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPAREN OS ACCESOS A SAN MARTIÑO DO REAL, ASÍ COMO AS POSTAS INTERIORES DO NÚCLEO DE POBOCACIÓN.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1059 en data 31 de xullo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mal estado no que se atopa o acceso ó Pobo de San Martiño do Real , fixo que no Pleno do 2 de outubro de 2015 , este Grupo , presentara una Moción para que se levaran a cabo as pertinentes obras para o arranxo do mesmo.

Como xa pasaron case dous anos da nosa petición , e se fixo caso omiso da mesma , que non era mais que un reflexo das moitas veces que os vecinos de ese pobo se dirixiron á Alcaldía pedindo que se realizaran ditas obras , retomamos a nosa demanda , xa que parece mais una teima contra ese lugar , que una falta de recursos para realizar os arranxos.

Por eso , propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO



1º.- Que se reparen os accesos a San Martiño do Real, así como as pistas interiores do núcleo de poboación, pois unha actuación desta natureza supoñería dar un servizo moi importante ós vecinos e os caminantes que por elas pasan a diario. “

Rematada a lectura da Moción se producen as intervencións seguintes:

- SR. ALCALDE.- Como saberá, ese camiño está declarado “BIC” pola Xunta de Galicia, polo tanto, é competencia súa, pero como ve, non rozan nin as silvas do Camiño de Santiago. Antes tínhamos que facelo nós e tínhamolo perfectamente limpo, agora é deles e reclámanos a nós, pois reclámelle a eles. De todos os xeitos nós intentaremos amañala cando haxa os medios.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Eu non teño que reclamar á Xunta de Galicia, reclamo no Concello que é onde estou. Xa sei que está declarado “BIC” (o Sr. concelleiro procede á lectura dos arts. 2 e 3 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia).

- SR. ALCALDE.- Pero haberá que solicitálo á Xunta, é competencia dela.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Sí, pero haberá que insistir lle. Nos dous anos que levamos, houbo tempo para que o arranxaran, polo menos moverse, poñelo na prensa.

O Sr. alcalde pregunta ao Sr. concelleiro portavoz do Grupo municipal do Partido Popular se quere dicir algo sobre o este asunto, ao que o SR. LÓPEZ resposta que comparte o que dixo o Sr. Real, practicamente o subscribo.

- SR. ALCALDE.- Imos a votar en contra porque xa se van a facer as obras cando haxa os medios.

Procédese á votación co resultado seguinte:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha.

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

8º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPARE O CAMIÑO PÚBLICO QUE DISCORRE ENTRE A CURVA DO SALTÓN EN LOUSADA E QUE VAI ATA MUNDAVEIGA, ONDE SE UNE CO CAMIÑO DE SANTIAGO.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1060 en data 31 de xullo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O Camiño público que discorre entre a curva do Salton en Lousada e que vai ata Mundaveiga , donde se une co Camiño de Santiago , presenta un estado de abandono total.

Este camino , é moi transitado polos vecinos da Parroquia , por tratarse de un paso vecinal e de servizos para as fincas , e no inverno , coa choiva , vólvese intransitabel , o que se solucionaríase sinxelamente con zahorra e desviando convenientemente as augas que o destrozan.

Por eso , propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se repare , tan siquiera con zahorra o dito camino para que os vecinos que o usan poidan facelo de maneira mais axeitada. “

- SR. ALCALDE.- Entendo que o camiño ao que se refire é o que vai de Lousada e sae ao Franco.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Se eu sei qué camiño é, vostede como Alcalde debería de sabelo tamén...

- SR. ALCALDE.- Eu coñezo a carretera, pero o camiño non sei cal é, ben se denota que non se molesta nin a vir mirar polo concello, a carretera está incluída no Plan Marco da Xunta de Galicia para o seu asfaltado.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Non é a carretera, é o camiño que vai case paralelo á carretera.

- SR. ALCALDE.- É un camiño de servidume, terei que ver cal é...

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Polo que eu sei, xa se pediu que se arranxara.

- SR. ALCALDE.- Non temos constancia de que solicitara no Concello. Cando se faga unha solicitude formal se estudiará, e se é público, se tramitará solicitando as autorizacións pertinentes xa que é zona “BIC”. Imos a votar en contra.

Despois dun breve debate, procédese á votación co resultado seguinte:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha.

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.



9º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) EN RELACIÓN Á INSTALACIÓN DE CONTEDORES PARA A RECOLLIDA DE ACEITE DOMÉSTICO E CAMPAÑA INFORMATIVA.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/1061 en data 31 de xullo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O aceite que consumimos nas nosas casas é un dos residuos mais contaminantes que xeneramos día a día calculándose que un litro de aceite pode contaminar 1000 litros de auga.

O residuo xerado a partir de aceites usados , é actualmente una das causas de maior contaminación das nosas augas , o que é consecuencia directa do seu verquido incontrolado polos desagües das nosas vivendas , producindo ademáis de una gran agresión o medio ambiente , un aumento das dificultades de depuración das augas residuais co consabido incremento no uso das estacións depuradoras , sistemas de alcantarillado e mesmo nas tuberías das nosas propias casas.

Ademais de evitar esta contaminación , os aceites usados , poden ter outras utilidades como a da fabricación de xabóns , biodiesel , barnices etc.

Dende o noso grupo consideramos que é moi importante velar pola correcta xestión dos residuos que xeramos e , entre eles o do aceite doméstico.

Tendo en conta todo esto:

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se instalen contedores para a recollida de aceite doméstico no noso Concello , realizándose ademáis unha campaña informativa e de concenciación sobre os prexuízos do seu verquido polos desagües das nosas casas así como sobre os beneficios da súa reciclaxe. “

- SR. ALCALDE.- Polo que entendo na súa moción, vostede está dicindo que se tira o aceite polos desagües das vivendas, pois eu non sei o que fará vostede na súa casa (replica o SR. REAL: “Eu non o tiro polo desagüe” e continúa o Sr. ALCALDE), pero nas aldeas é reutilizado ben para facer xabóns o para os animais, e os restaurantes teñen que ter unha empresa para a



retirada dos aceites. E Samos ten un Punto Limpo, que o hai en poucos concellos, e xa ten un coste grande para os cidadáns. A colocación de bidóns para o aceite non ten un coste baixo xa que hai que cumprir cunha normativa, sobre todo nun concello protexido como é Samos, e xera olores.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Eu na miña casa non o tiro polo desagüe pola conta que me ten. Non estou falando do Punto Limpo...

- SR. ALCALDE.- Non creo que haxa empresas ás que lle compense, igual nas grandes cidades sí...

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Igual se lle podía comentar á empresa concesionaria da recollida de lixo. Non da olor, está pechado, pode ir a outros concellos nos que os hai e o comproba, o que da olor son os contedores do lixo, que por certo, os poderían limpar...É unha moción que propoñemos, como outras, e que rexeitará como sempre.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación co resultado seguinte:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)
Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)
Abstencións: 1 (Grupo municipal do Partido Popular)

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

10º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, dando a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura aos presentados no seu escrito con R.X.E. nº 2017/1062 en data 31 de xullo, e que a continuación se transcriben:

“1.- Que se roce o camino vello de Teiguín a Foxos , pois resulta intransitabel polas silvas , e xa se pediu no Pleno de abril sin ata agora facer caso da nosa petición nin da dos vecinos. “

- SR. ALCALDE.- De momento aínda se está rozando e non se chegou a todos os puntos, cando toque o turno se rozará.

“2.- Que se faga un mellor mantemento da herba da piscina municipal durante todo o ano , pois ó chegar estas datas comeza a desaparecer, dando mala imaxe ás numerosas persoas que utilizan ese servizo. “

- SR. ALCALDE.- É normal que con tan pouca chuvia seque a herba, cando sexa a época na primavera sementarase de novo.



- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- É o que pido, que se fixera o mantemento na época de semente ao longo de todo o ano.

“3.- Que se limpen as beirarrúas da vila de Samos con una hidrolimpadora , pois , sobre todo as que en tempos foron amárelas , dan una imaxe de deixazón pura e dura ós ollos dos vecinos e dos moitos visitantes do pobo. “

- SR. ALCALDE.- Bueno, xa vexo que sigue insistindo que non se limpan ben as beirarrúas, pois eu xa lle trasladei as súas queixas as obreiros en diversas ocasións, e eles dín que limpan ben, e a xente tamén dí que está limpo, será pois cousa de chamalos ao Pleno e clarifiquen quen ten a razón.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pois a mín a xente dime o contrario, que están mal, vostede non vai andando ao Quintero e non ve cómo están. Eu simplemente digo que se limpen.

“4.- Que se repoñan , ou se poña en coñecemento de quen corresponda para que o faga , as bombillas dos semáforos de precaución que hai nas entradas do Pobo de Samos , que xa levan moito tempo sen funcionar e de cumprir así o sêu cometido. “

- SR. ALCALDE.- Pois enviaremos un escrito á COTOP, que é a súa competencia, e se os quere poñer en marcha, que o faga.

“5.- Que nas bases de selección de persoal para a extinción de incendios se modifiquen 2 puntos:

No punto 5.2 da documentación , no apartado , g , ademáis do certificado médico que sirva tamén un informe de saúde e no punto 4 de requisitos para xefe de brigada , incluír que sirva a titulación de enxeñeiro técnico agrícola.

Para a Xunta e as empresas públicas que traballan para ela , serven estes dous puntos e así evitaríanse as reclamacións que houbo este ano. “

- SR. ALCALDE.- Debido a que hai que facer unha proba de esforzo xa que é un traballo de risco, temos que ter coñecemento de que a persoa está en debidas condicións. En relación á titulación, é o Convenio asinado coa Xunta de Galicia o que delimita expresamente ás titulacións para o xefe de brigada e así o pode confirmar a secretaria municipal (ésta asinte e dí que efectivamente as bases recollen as que figuran no Convenio asinado), e a de enxeñeiro técnico agrícola non se considera equivalente ás sinaladas. Temos que cumprir co Convenio. Respecto ás reclamacións infórmoos que non houbo ningunha como afirma vostede.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Sí que houbo sí...

- SR. ALCALDE.- Pois que foran formalmente presentadas no rexistro xeral non.

Non formulándose máis rogos, o Sr. alcalde inicia a quenda das **PREGUNTAS**, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura á presentada en escrito con R.X.E. nº 2017/1062 en data 31 de xullo, e que a continuación se transcriben:



“1.- Pensa o Concello repartir axuda para cultura e deportes entre as Asociacións deportivas deste Término Municipal , que organizaron actividades e participaron en competicións como son :

Comando Leirón 4x4, Samos futbol sala e Vilachá Sport ?”

- SR. ALCALDE.- O Concello colabora sempre e cando o soliciten e haxa consignación orzamentaria. Se o piden, sempre se colabora, e se non é con diñeiro, con man de obra ou con outras cousas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,